



ROTEIRO CASTRO DE FAZOURO (FOZ)



O roteiro (lineal, continuo e andarín) discorre sucesivamente polas parroquias de Fazouro, Nois e Cangas, do Concello de Foz. Principiaremos a camiñar na fervenza da Pena da Ruxida, preto do Pazo de Fontao (s. XVII), en tempos unha das casas fidalgas máis sobranceiras da Mariña; percorrерemos a senda arborada do Río Ouro (espazo LIC, con interesantes especies de fauna e flora, e vexetación riparia cada vez máis eucaliptizada) cara á súa desembocadura (após a igrexa parroquial de Fazouro e a Obra Pía de Vilarmea), na Ría de Fazouro e Praia da Pampillosa. A partir de aquí seguiremos a liña de costa co Cantábrico sempre á dereita; en canto superemos os pendellos mariñeiros ("O Porto"),

albiscaremos o castro litoral de Fazouro, verdadeiro referente deste roteiro; se a marea nolo permite baixaremos á Praia da Morneira ou Arealonga para observar os depósitos de turba que resultaron practicamente cubertos coa agresiva intervención de Costas no paseo litoral. Despois de visitar o portiño, as vellas conserveiras e a igrexa parroquial de Nois, poderemos dar un paseo pola súa ribeira para comprobar a riqueza do intermareal, progresivamente minguada por mor da brutal invasión da alga "sargazo". Tras percorrer a recortada costa deste tramo, coa Pena Orxal ao fondo e o vento nordés ás costas, remataremos a ruta na igrexa parroquial de Cangas, coa posibilidade de alongala 1 km máis ata a praia da Areoura.

Lonxitude: 13 km de dificultade media-baixa.

DOMINGO, 17 de ABRIL de 2016

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata 17 anos.....	5 €

O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.

Imprescindible anotarse chamando ao **679 113 718** ou ao **982 24 02 99**.

Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s

PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO



22 Maio: Castro de Espasante- Ortigueira

26 Xuño: Castro de Baroña- Porto do Son

ROTEIROS ADEGA-LUGO 2015-2016

Trazado aproximado da ruta CASTRO DE FAZOURO:



Saída no punto azul (Fontao, Fazouro). Chegada no último punto vermello (Punta dos Castros, Cangas).